



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

ESCOLA PEIRÓPOLIS

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas: 41.972530, -8.759639

Tipo de ben: escola

Concello: Tomiño

Parroquia: Estás

Lugar: Granxola

Cronoloxía: 1935

Construtor: descoñecido

Promotor: Abdón Alonso

Propiedade: pública

Uso actual: escola

Estado de conservación: bo

Comentario e descrición

Situada na parroquia de Estás, esta escola foi promovida a través da Fundación Peirópolis por Abdón Alonso Alonso, que en 1880 emigrou a Brasil onde se dedicou, entre outros negocios, á explotación de minas de cal e ao cultivo de arroz. Mediante esta fundación tamén contribuíu cunha importante doazón á escola Aurora del Porvenir, na veciña parroquia de Tomiño. Na localidade brasileira de Peirópolis sostiña un orfanato e un hospital infantil para familias sen recursos.

Na acta fundacional deste centro recóllese como o obxectivo principal contribuír ao progreso cultural dos nenos e nenas que asistiran ás clases de educación primaria mixtas. Para lograr este obxectivo, ademais de financiar o edificio a Fundación Peirópolis tamén se fixo cargo do salario do profesorado e dotou ás aulas de mobiliario e material pedagóxico. Actualmente, na metade do edificio segue a haber unha escola de educación infantil e primaria integrada no CRA Mestre Manuel Garcés de Tomiño. Na outra metade sitúase a Aula Abdón Alonso, onde se reproduce unha clase da época de creación do edificio.

Respecto á arquitectura, o edificio exento, con planta en forma de «T» e tellado a catro augas, presenta unha única altura con soto. A fachada principal artéllase simetricamente mediante unha portada rematada en arco polilobulado que sobresaíe en altura da liña de cornixa en forma de ático sostido por pilastras que imitan estar feitas por perpiaños. Á porta, rematada en arco de medio punto ornamentado con volutas, accédese por unha escaleira delimitada por un murete baixo, a modo de balaústre, que diminúe en anchura conforme ascende.

A ambos lados da porta sitúanse dúas placas, unha recordando ao seu fundador e a data de creación (1935) e outra na honra do Mestre Manuel Garcés Estévez, que impartiu clase entre 1974 e 2001. O resto da fachada presenta tres vans en cada metade, que se corresponderían a cada aula. Na parte posterior, disposto perpendicularmente, sitúase un anexo que facilita unha segunda entrada ao edificio. Sobre o revoco que agocha os muros de cachotería empréganse as cores para destacar visualmente o zócalo onde se sitúa o soto, así como os vans de todo o perímetro e a portada. Está rodeada dun espazo destinado a espallamento acoutado mediante un valo composto de muros baixos con listóns de forxa dispostos en horizontal.

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: EST-01

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



A pegada das Américas

ESCOLA PEIRÓPOLIS

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicado).



FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: EST-01

Tomino
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA